

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR811A).

BDNS (Identif.): 884372.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/884372>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

- As asociacións de entidades de economía social.
- Os concellos de Galicia, e as áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e os consorcios locais.
- As cámaras de comercio.
- As universidades.
- As fundacións e asociacións, e as organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

As entidades beneficiarias deben ter formalizada a súa adhesión á Rede Eusumo mediante a subscripción de convenio de colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, nos termos previstos no artigo 13 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social e se regula o seu funcionamento.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social.



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR811A).

Cuarto. Contía

O orzamento total ascende a seiscentos noventa mil euros (690.000,00 €), distribuído en dúas anualidades: anualidade 2026, 265.000,00 €; anualidade 2027, 425.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axuda é dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. Outros datos

Unha vez acreditada a aceptación da subvención e logo de solicitude, poderase facer efectivo en concepto de pagamento anticipado ata un 80 % do importe da subvención.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: drxiroz4-myk3-mea1-dgd1-nhoscxnh9Iz0

